

## Descubriendo a Bordalo II

Artur Bordalo, máis coñecido polo alcume artístico Bordalo II ou Bordalo Segundo, nado en Lisboa en 1987, é un grafitero e artista plástico portugués. É neto do tamén pintor Artur Real Chaves Bordalo da Silva, coñecido como Bordalo.

Características da súa obra son o emprego de cores rechamantes. Na temática, grande parte das súas instalacións representan animais, que adoitan ser dispostas en diferentes espazos e superficies (habitualmente paredes e muros).

Esta serie chámase "Big Trash Animals", e dela di que "é unha serie en que eu uso lixo e desperdicio urbano para construír imaxes de animais, e a idea por detrás diso é construír imaxes da vítimas con aquilo que os destrúe". Pretende deste xeito denunciar unha sociedade «extremadamente consumista, materialista e avariciosa» e promover a «sustentabilidade, conciencia ecolóxica e social».

Nós quixemos participar desta idea de converter elementos de refugallo en arte e chamar a atención sobre a contaminación nos mares e océanos, por iso elegimos unha tartaruga para o noso proxecto.

Podedes botar un ollo a súa páxina web (en inglés), que conta con moitas imaxes dos seus traballos.

<https://www.bordaloi.com/>

